

Suplemento de técnica,
economía y sociedad agraria
del siglo XXI



Normas de ordenación de gando porcino

O Goberno aprobou normas básicas de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo para un racional aproveitamento dos recursos naturais e modificou as normas de ordenación das explotacións cunícolas.

4 e 5

Concello de Celanova, un paseo pola súa historia

Celanova conta cun sinfín de atractivos que converten a visita ao Concello nunha firme aposta polo coñecemento do súa historia, o seu patrimonio, e a súa engaioladora natureza.



7



Formacións senlleiras no patrimonio natural galego

Investigadores da Universidade de Santiago realizaron un estudo de formacións senlleiras do patrimonio natural de Galicia. Os resultados incrementaron nun 50% o número de árbores monumentais.

8

Adegas Pincelo, a paixón polo viño

Adegas Pincelo, sita en Chantada, conta cunhos excelentes viños e licores, froito dun esmerado coidado dos viñedos da Ribeira Sacra e da paixón que o seu adegueiro pon cada ano en cada produción.



LLEGA A SUS MANOS CON LA COLABORACION Y EL ASESORAMIENTO TECNICO DE

Formacións senlleiras do patrimonio natural de Galicia

Os resultados do traballo de campo incrementaron nun 50% o número de árbores monumentais

Redacción: M.V.
Fotografía: Arquivo

Un grupo de investigación do Departamento de Produción Vexetal da Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago realizou recentemente un estudo detallado sobre as 120 árbores e formacións senlleiras incluídas no Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia. Neste estudo refléctense datos de medicións, propiedade, ubicación xeográfica, estado de conservación ou mesmo recomendación de actuacións.

Trátase dun proxecto de investigación que naceu froito dun convenio de colaboración entre a USC e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O coordinador do proxecto, o profesor Antonio Rigueiro Rodríguez, manifesta a súa satisfacción co labor realizado e por contribuír a dar a coñecer o importante patrimonio natural que constitúen as nosas árbores e formacións monumentais, entre elas as árbores con máis idade do lugar.

Realización de informes

Durante a investigación realizáronse informes sobre propostas feitas por diversas persoas e institucións para a inclusión de novas árbores e formacións no catálogo galego, realizando o equipo investigador visitas ás mesmas e as medicións oportunas.

Ademais, Rigueiro explica que se fixo unha investigación de novas árbores e formacións senlleiras; recibimos información de moitas persoas e percorremos moitos montes galegos e xardíns públicos e privados da comunidade.



Imaxe dinha das árbores senlleiras que foman parte do patrimonio galego.

Segundo Rigueiro, os resultados deste traballo de campo incrementaron nun 50% as árbores e formacións sobresaíntes de Galicia que se coñecían ata a realización do estudo, achegando o seu número a preto dun millar.

Froito dese traballo xurdiu a proposta de inclusión no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras un cento de exemplares singulares, das que varias dúcias foron aceptadas polo Comité Galego de Árbores Senlleiras

Investigadores da Universidade de Santiago realizaron un estudo de formacións senlleiras do patrimonio natural de Galicia. Os resultados do traballo de cada campo incrementaron nun 50% o número de árbores monumentais coñecidas ata o momento, achegándose a preto do millar. Ademais, tras o verán, publicarase o libro *Árbores e formacións senlleiras de Galicia*.


Un grupo de investigación realizou un estudo detallado sobre as 120 árbores e formacións senlleiras incluídas no Catálogo de Árbores e formacións senlleiras de Galicia, no que se reflicten datos de medicións, propiedade...

para a súa inclusión no catálogo oficial.

Por último, elaboráronse os orixinais para o libro *Árbores e formacións senlleiras de Galicia* que acaba

de publicar a Xunta de Galicia e que será presentado oficialmente á volta do verán, do que son coautores o coordinador do equipo investigador e outro membro do mesmo.

Polígono Industrial
San Ciprián de Viñas C/ 6 - Nº 18
Teléfono 988 38 37 47
Fax 988 38 39 43
32901 Ourense



Aceites ABRIL

